

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento, do 12 de xuño de 2023, polo que se acorda a publicación da resolución dunha libre designación

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do día 12 de xuño de 2023, tivo coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite a Resolución do 8 de xuño de 2023 en que se resolve o procedemento de libre designación do posto da Xefatura do Servizo de Administración e Persoal da institución do Valedor do Pobo, convocado por resolución do 6 de marzo de 2023, (doc núm. 54281), e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

Resolución do 8 de xuño de 2023 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto da Xefatura do Servizo de Administración e Persoal da institución da Valedora do Pobo, convocado por Resolución do 6 de marzo de 2023

Por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de marzo de 2023 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo da xefatura do Servizo de Administración e Persoal da Valedora do Pobo.

A convocatoria foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 52, do 15 de marzo de 2023, e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 469, do 20 de marzo de 2023.

Finalizada a tramitación do procedemento, en exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.l) do Regulamento de organización e funcionamento da institución do Valedor do Pobo,

RESOLVO:

Nomear a Santiago González Serrano como xefe do Servizo de Administración e Persoal da Valedora do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Valedora do Pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2023

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo

